

Acta da Asambleia Xeral

19 de decembro de 2025

Lugar: Hotel Santiago Apóstol (Costa San Marcos 1-Santiago de Compostela)

Hora: 19:30 h sesión ordinaria

Orde do día,

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da Asemblea anterior.
- 2.- Orzamentos 2026
- 3.- Calendarios e normativas
- 4.- Licenzas 2026
- 5.-Informe do Presidente
- 6.- Rogos e preguntas

Asistentes:

Presidente-Javier Campos Peña

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

ESTAMENTO DE CLUBS

AD Fogar da Xuventude- (Delegación-María Teresa Vila)

Club Triatlón Santiago- Paloma Herbello Hermelo

Club Triatlón Rias Baixas, Enrique Hernández Moldes

Club Olímpico de Vedra – Ismael García Vázquez

ESTAMENTO DEPORTISTAS

Patricio Farias Forneiro

Pablo Cabanelas Eiras

ESTAMENTO TÉCNICOS

Javier Campos Peña*

ESTAMENTO OFICIAIS/XUICES

Mónica Flores Ferreiro*

Javier Ángel Vázquez Orejas

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Iniciase a sesión ás 20:00 h en segunda convocatoria ao non haber quorum na primeira.

1.-Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior

Indícase que a acta xa foi enviada e polo tanto salvo que alguén desexe que se lea ou aclare algo procédese a votación.

Procédese á votación da acta quedando aprobada.

Votos a favor- 8

Votos en contra-0

Abstencións- 0

Indícase que dado que o segundo punto da orde do día son os orzamentos pero estes veñen afectados pola subida de licenzas tratarase primeiro o punto 3 da orde do día.



4.- Licenzas 2026 procedementos e tarifas.

Mónica Flores (secretaria xeral), fai unha introdución e explica que a subida das licenzas ven dada polo incremento dos seguros de Responsabilidade Civil e accidentes e valoradas varias opcións, dende a Xunta Directiva, decidiuse traer esta proposta. Manter o prezo das licenzas ata os cadetes que van ao seguro XOGADE e imputar a subida ao resto. Infórmase tamén que a partir de Vimianzo realizaremos as inscricións a través da plataforma FETRI que sae un pouco máis económica e ademais teríamos todo na mesma plataforma, incluso temos a previsión de utilizala para a tramitación das licenzas de pentatlon se nos dese tempo.

Incorporase á asemblea, Pablo Cabanelas Eiras (Deportistas) ás 20:07 h, resúmeselle o relatado neste punto.

Non habendo anotacións ao respecto, procédese á votación das tarifas e procedementos de licenzas.

Votos a favor- 9

Votos en contra-0

Abstencións- 0

2.- Orzamentos 2026

O presidente introduce á asesora María Teresa Vila cedéndolle a palabra para expoñer os orzamentos. Explica que os orzamentos esta tempada van por accións, sendo conservadores dada a previsión de ingresos semellantes e a previsión de gasto que vai ser maior en cada concepto, polo que debemos axustar moitas cousas á baixa. Infórmase que acaban de confirmarnos o importe do convenio da Secretaría Xeral para o deporte que consolida a adenda de 2025, pero con imputación directa para o proxecto inclusivo. O presidente explica que os gastos fixos hai que separalos, a partir de aí tentarase traballar á baixa salvo que consigamos novos ingresos, os grupos de viaxe serán menores e irán a centros onde consigamos colaboración FETRI. En Menores, promoción e competición internacional mantemos o mesmo orzamento, nalgún caso debido ás partidas finalistas do convenio da SXD e axustaremos en actividade ordinaria.

Detállanse polo miúdo as partidas recollidas en cada acción.

Explicados os orzamentos, procédese á votación quedando aprobados.

Votos a favor- 9

Votos en contra-0

Abstencións- 0

3.-Calendarios e normativas 2026.

Modificacións de Calendario

Explicase a proposta da composición da Liga de Dúatlon indicando que se está traballando na cuarta proba e que esta deberá ser informada antes da disputa de Vedra.

- Dúatlon Concello de Vedra contrarreloxo por Equipos - 14/3/2026
- XXIII Dúatlon Cidade de Santiago- 25/04/2026
- V Dúatlon Val de Soneira de Vimianzo- 2/05/2026
- Proba de Dúatlon pendiente de confirmar por Xunta Directiva



Así mesmo, deben ratificarse os últimos cambios e incorporacións.

- Campionato Galego de Triatlón Olímpico As Pontes- 28/6/2026
- Campionato Galego de Triatlón MD- Ribadeo-5/9/2026
- Campionato Galego de Triatlón de Menores- Ferrol- 4/7/2026
- XXIV Triatlón Cidade de Ferrol- Proba de Liga de Triatlón e PRN- 18/7/2026

Procédese á votación quedando aprobadas as modificacións de calendario

Votos a favor- 9

Votos en contra-0

Abstencións- 0

Modificacións de Normativas- Nada e Corre 2026

O presidente informa das dúas propostas de cambio de Nada e Corre, enviadas ás persoas asembleístas, unha ven dende o AD Náutico de Narón e a outra directamente dende a Xunta Directiva.

- Proposta do AD Náutico de Narón- O resumo é un cambio de distancias para facilitar que sexa a voltas, comezando e rematando no mesmo punto cando sexa en pista e retirar a categoría cadete para que as probas teñan unha duración menor. A proposta e motivación foi enviada ás persoas asembleístas.

Realizadas as aportacións das persoas da asemblea procédese á votación da retirada da categoría cadete do programa Nada e Corre quedando rexeitada.

Votos a favor- 0

Votos en contra-9

Abstencións- 0

- Proposta de modificación das distancias de carreira-
 - PBX- 200m
 - BX- 400m
 - AL- 800m
 - IN- 1200m
 - CD- 1600m

Procédese á votación quedando aprobada a modificación.

Votos a favor- 9

Votos en contra-0

Abstencións- 0

- Proposta de engadir unha proba inclusiva aberta para deportistas a partir de xuvenil, fundamentalmente para dar opción aos nenos e nenas que acaban este ano a categoría cadete cos que se está traballando nos últimos anos. Considerase oportuno, dada a facilidade de control para calquera clase e que non é un número relevante, ampliar a todas as persoas con discapacidade superior ao 33% co reparto en categorías xuvenil, junior e absoluta. A distancia sería a da categoría cadete.

Procédese á votación da proposta de regulamento íntegro presentado por Xunta Directiva, modificando a distancia prebenxamín a 200 m.

Votos a favor- 9

Votos en contra-0

Abstencións- 0



Tarifas FEGATRI 2026

En canto ás tarifas, actualizáronse co aprobado na asemblea de outubro e tense en conta a subida de IPC para as tarifas de oficiais unha vez publicado.

Procédese á votación quedando aprobadas.

Votos a favor- 9

Votos en contra-0

Abstencións- 0

5.- Informe do presidente

- O presidente comeza cun resumo da situación de competitividade que se está dando co nada e corre perdendo a filosofía de promoción e facilidade de participación coa que naceu. Recibiuse por parte dalgúns pais e nais correos en relación ao uso de centésimas para as series, esixencia de cronometraxe electrónica para outorgar a posición nas entradas, descoñecedores en todo caso da regulamentación de triatlón, onde a posición a outorga o Xuíz árbitro dado que é o peito e non o pé o que da a meta.

- Con respecto ao anterior infórmase do programa “Deixa Xogar” no que está traballando a UFEDEGA co apoio da Secretaría Xeral para o deporte de cara a promover o respecto e erradicar calquera tipo de violencia no deporte. A FEGATRI participará con diversas accións neste programa.

- Galicia segue estando na mellor posición nacional en triatlón. O Grupo de adestramento FETRI liderado por Javier Gómez Noya conta cun gran número de galegos.

- Informa dos cambios de marca no triatlón olímpico que finalmente chegarán a nivel autonómico.”T100, T50, T...” Igualmente as novas modalidades que están comezando a entrar na federación coma *Hyrox* que vincula disciplinas de *fitness* con outras de triatlón e que facilitará o auxe do noso deporte. A FETRI comeza tamén un proxecto de Triurban e todo isto será relevante antes ou despois a nivel autonómico polo que se está traballando na proposta ao Concello de Riveira dun triatlón indoor xa que a instalación da piscina e pista faino moi factible polo acceso e seríamos pioneiros se o conseguimos en 2026.

Non habendo rogos e preguntas levántase a sesión ás 21:10 h.

Asdo.- A Secretaria Xeral
Mónica Flores Ferreiro

VºBº
FEGATRI
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
E PENTATLÓN MODERNO

Rúa Castelao 21, ent. 2
27001 Lugo || 982 251 345
N.I.F. 159879372

Asdo.- O presidente
Javier Campos Peña